



MANIFESTO: REDE DE CIDADES POLA AGROECOLOXÍA

Máis de tres cuartas partes da poboación do Estado español vive en cidades, onde actualmente se leva a cabo a maior parte do consumo de alimentos. Tanto este consumo como a cadea de produción, distribución e conservación de alimentos son procesos de vital importancia para a nosa sociedade e o noso medio ambiente. Os espazos agrarios periurbanos cumpren funcións ambientais sociais e económicas moi importantes. Non obstante, nas últimas décadas, as cidades creceron de costas ao territorio que as sustenta e devoraron boa parte das terras máis fértiles que lles rodean, desatendendo os moitos e vitais servizos que os espazos agrarios proporcionan á sociedade, máis aló da comida.

O sistema alimentario industrial e globalizado, ademais de xerar graves problemas sociais, é responsable de máis dun terzo das emisións de Gases de Efecto Invernadoiro, a perda de biodiversidade silvestre e cultivada, a perda de solo fértil e da contaminación e esgotamento de ríos e acuíferos. Por outra banda, os problemas globais relacionados coa dieta (800 millóns de persoas con fame e case a cuarta parte da humanidade con sobrepeso, obesidade e outros trastornos) contrastan co desperdicio dun 35% dos alimentos producidos.

Actualmente as cidades enfróntanse a varios retos relacionados coa alimentación e conectados entre si. Por unha banda, superar o estancamento económico, aproveitando os recursos locais como xeradores de riqueza social e emprego digno. E por outro, recuperar e conservar as terras agrícolas urbanas e periurbanas, co fin de asegurar o subministro de alimentos locais e de calidade, e recuperar os servizos ambientais asociados a un territorio agrícola vivo e ben conservado. É fundamental reducir a vulnerabilidade dun modelo alimentario baseado no abastecemento de cidades con alimentos dende lugares cada vez máis afastados, o que está asociado a un elevado consumo de enerxía e de emisións á atmosfera. Especialmente nestes tempos de cambio global.

Fronte á magnitude destes retos, a agroecoloxía xorde como unha proposta de futuro que se basea na construción de sistemas alimentarios locais, baseados na economía circular e no uso agrícola sostible e apoiada nos principios da ecoloxía. Tamén propón un modelo de goberno baseado na participación e a soberanía alimentaria, que artelle diferentes escalas territoriais. Tamén promove a equidade social, mellorando o acceso a alimentos frescos, sostibles e de calidade, e especialmente de grupos sociais de baixos ingresos. E, finalmente, intenta recuperar o protagonismo do sector produtor na subministración de alimentos, mantendo tanto a dignidade dos seus ingresos como os

servizos ecosistémicos que prestan. Nos últimos anos impulsáronse numerosos procesos que avanza nestas liñas, destacando o papel das cidades na transición cara a sistemas alimentarios xustos e sostibles. No Estado español, tiveron un impacto especial os vinculados á **Carta para a Soberanía Alimentaria dos nosos Concellos** (2014), o **Pacto de Política Alimentaria Urbana de Milán** (2015) ou o **Pacto Intervegas pola Soberanía Alimentaria, a Educación Ambiental e a Sustentabilidade do Territorio** (2015). A maior escala, cabe destacar a **Carta de Aalborg** (1994); o Dictame do Comité Económico e Social Europeo sobre **"Agricultura periurbana" (2005 / C 74/12)**; ou a **Carta de Agricultura Periurbana** (2010). Outros acordos internacionais, como a **Nova Axenda Urbana** (Cumit Habitat III, Quito, 2016) tamén sinalan o importante papel das cidades na sustentabilidade dos sistemas alimentarios; así como a necesidade de abordar un cambio no modelo alimentario para afrontar os grandes retos internacionais incluídos no Cumio sobre o Clima (París, 2015) e nos Obxectivos de Nacións Unidas para o Desenvolvemento Sostible (2015).

Co presente manifesto saudamos todas estas iniciativas e pretendemos complementalas e colaborar no seu desenvolvemento, proporcionándolles contido e compromisos firmes. Para iso, este documento sela unha articulación de cidades comprometidas coa construción de sistemas alimentarios locais, respectuosos co medio ambiente, sostibles, inclusivos, resistentes, seguros e diversificados que aseguren unha alimentación sa, sostible e accesible para a poboación no seu conxunto, e que potencien o emprego local, de acordo coas perspectivas da agroecoloxía e a soberanía alimentaria.

Así, as cidades asinantes do presente manifesto comprométese a poñer en marcha plans de acción a través de medidas concretas e específicas, a desenvolver ferramentas axeitadas de seguimento e avaliación do seu cumprimento, e a construír un ideario que dea cohesión e proxección de futuro a estes plans, polo menos nos seguintes aspectos:

- 1. O recoñecemento** da agricultura periurbana e relacións cidade-campo, así como da actividade profesional, ecolóxica e social dos e das agricultoras, nos ámbitos social, económico, político e administrativo, a partir do impulso de políticas públicas destinadas a potenciar o seu desenvolvemento, incluíndo aquelas de investigación, extensión e formación agroecolóxicas.
- 2.- A preservación do solo fértil e as boas prácticas agronómicas**, para restaurar a capacidade produtiva das contornas urbanas e periurbanas dende unha perspectiva agroecolóxica, poñendo en marcha figuras e procesos que faciliten o acceso á terra ás iniciativas produtivas orientadas á agricultura e gandeiría ecolóxicas, especialmente das persoas mozas e as mulleres.
- 3.- A comercialización local**, para impulsar unha agricultura ecolóxica e de proximidade, baseada en circuitos curtos, facilitando os recursos públicos (tanto materiais como inmateriais) e dinamizando os recursos privados para este mesmo fin, con especial

atención aos espazos de comercialización (mercados, tendas, restaurantes, etc.) e os procesos de compra pública sustentable.

4.- A sensibilización social, para desenvolver programas de información e comunicación que incrementen a valoración do traballo agrícola e os beneficios dun modelo de consumo baseado na agroecoloxía, así como da paisaxe e patrimonio cultural agrarios.

5.- A xestión municipal e a gobernanza, para a coordinación entre departamentos e niveis da administración, promovendo Sistemas Alimentarios Sustentables de Cidade-Rexión e a creación de entes públicos específicos de políticas alimentarias; para revisar e adaptar os recursos e normativas municipais para o fomento de sistemas alimentarios locais, xustos e sustentables; e impulsar dende a administración procesos participativos multi-actor e multinivel que desenvolvan órganos colexiados, estratexias urbanas e políticas territoriais de enfoque agroecolóxico.

6.- A estruturación e extensión das redes de cidades, partindo do Marco de Acción do Pacto de Milán sobre Políticas Alimentarias Urbanas; e desenvolver indicadores e sistemas de seguimento e control dos avances realizados; así como para compartir con outras cidades os avances locais e cooperar con outras redes análogas nos ámbitos estatal e internacional.

Para iso, **o presente documento configura a Rede de Cidades pola Agroecoloxía** como un espazo plural, composto por cidades e outras entidades territoriais locais, acompañadas polas organizacións sociais e os actores económicos e de investigación locais, implicados no desenvolvemento de sistemas alimentarios adaptados aos territorios, sustentables e xustos.

Sinatura: *(Nome do/a representante autorizado/a da cidade ou goberno local)*

En representación de *(cidade de_____)*

Data: